



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO) NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no terceiro trimestre do ano 2025.

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de Aprobación
Asoc.de Amigos da Feira de Bretoña	G27374941	Nominativa	Festa da bola de liscos e freces de Bretoña	320.46200	3.000 €	Presidencia
Asoc.Cultural San Froilán en Barcelona	G62000617	Nominativa	Promoción do San Froilán en Barcelona	320.46200	5.000€	Presidencia
Xunta de Cofradías de Semana Santa de Lugo	V27294891	Nominativa	Semana Santa	320.46200	12.000 €	Presidencia
Centro de Iniciativas Turísticas de Puente nuevo Villadrid.	G27023100	Nominativa	Festa da Troita	320.46200	3.000 €	Presidencia
Asociación de Mulleres Rurais San Bartolomeu de Insua.	G27375856	Nominativa	Tasca do Liño	320.46200	2.000 €	Presidencia
Asoc. De veciños de Cabreiros	G27225663	Nominativa	Invernada de Cine	320.46200	2.500 €	Presidencia

Lugo, 23 de outubro de 2025.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2950

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR DÚAS (2) PRAZAS/POSTOS, DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFRAESTRUTURAS, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUIDAS NA OE 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para cubrir dúas (2) prazas/postos, de Técnico/a

Superior infraestruturas, encadradas na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A, subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical, incluídas na OE 2023.

Producíndose erro material na base específica 5.2 EXERCICIO - PRÁCTICO, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:

“(…)”

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

“(…)”

2º. Debe dicir:

“(…)”

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

“(…)”

Lugo, 27 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2977

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA/POSTO, DE TÉCNICO/A SUPERIOR RECURSOS HUMANOS, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2025.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para cubrir unha (1) praza/posto, de Técnico/a Superior Recursos Humanos, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A, subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical, incluída na OE 2025.

Producíndose erro material na base específica 5.2 EXERCICIO - PRÁCTICO, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:

“(…)”

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

“(…)”

2º. Debe dicir:

“(…)”

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

“(…)”

Lugo, 27 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2978

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE TRADUTOR/A PUBLICACIÓN, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para cubrir unha (1) praza de Tradutor/a publicacións, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada á promoción interna vertical, incluída na OE 2023.

Producíndose **erro material na base específica 5.2 EXERCICIO - PRÁCTICO**, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: *“As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:

“(…)

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

“(…)”

2º. Debe dicir:

“(…)”

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

“(…)”

Lugo, 27 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2979

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 21/10/2025 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 5º bimestre do 2025**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/11/2025 e 31/12/2025 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/11/2025. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e

devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 21 de outubro de 2025.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2951

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
ELVIRA VILA DÍAZ	POLÍGONO 159 PARCELA 112	SAN XOÁN DE CELA

O Corgo, 22 de outubro de 2025.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2952

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de FOLGOSO DO COUREL polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbáns.

Á vista do acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbáns deste Concello adoptado polo Concello en Pleno celebrado o día 24-10-2025, en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, EXPONSE por prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios aloxado na sede electrónica desta entidade, accesible no seguinte enlace <https://folgosodocourel.sedelectronica.es/info.0>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, o devandito acordo considerárase aprobado definitivamente.

Folgoso do Courel, 27 de outubro de 2025.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2981

FRIOL

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

Apreciado erro no anuncio de exposición ao público inserido no Boletín Oficial da Provincia núm. 240 de data 18 de outubro de 2025, **onde di** “prestouse aprobación inicial ao seguinte padrón correspondente ao terceiro

trimestre do ano 2024” **debe dicir** “prestouse aprobación inicial ao seguinte padrón correspondente ao terceiro trimestre do ano 2025”.

Esta corrección de erro non interrompe o prazo de exposición ao público do edicto de exposición e anuncio de cobranza das taxas do trimestre indicado.

Friol, 23 de outubro de 2025.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2953

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de Alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Psicólogo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO:

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 13 de Marzo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 15/117 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE PSICÓLOGO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

- Polo Decreto Nº: 2511/2024 do 19/03/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023)).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 088, de 16 de abril de 2024.

Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 99, de 23 de maio de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto DÉCIMO QUINTO de dito acordo:

“DÉCIMO QUINTO.- Rectificar o Acordo 15/117 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE PSICÓLOGO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de febreiro de 2024 e modificado polo Acordo 16/118 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 258, do 25 de Outubro de 2024.

- Con data do 25 de novembro de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 2362/2025 do 11/03/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2511/2024 do 19/03/2024 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023)).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 80 , do 7 de abril de 2025.

- Con data do 23 de abril de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas, non se tendo recibido escrito de alegacións presentadas polos aspirantes excluídos.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 13 de outubro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

(...)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE PSICÓLOGO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI
BURGO BEIRO, CLARA	***5973**
FERNANDEZ VARELA, PATRICIA	***3064**
MARTINEZ LOPEZ, ROCIO	***4071**
NEIRA DE DIOS,LORENA	***3592**

EXCLUÍDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de exclusión
RUIZ EDREIRA, NURIA	***8034**	(1)
TOIMIL BUJONES, LAURA	***8700**	(2), (3)

(1): Non aportar acreditación de formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero, (a formación acreditarase mediante xustificación de ter realizadas polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, e a experiencia coa

acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I-entidades de acción voluntaria).

(2): Presentar solicitude fóra de prazo.

(3): Non aportar modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos”, onde se indique o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 12 de outubro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira, por suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude.

R. 2954

PALAS DE REI

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2025-0638, ditada o 22 de outubro de 2025, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 3º Trimestre do 2025, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 30 de novembro. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 22 de outubro de 2025.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2955

QUIROGA

Anuncio

Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 23 de outubro de 2025 aprobáronse as Bases da Convocatoria de axudas a estudantes do Concello de Quiroga para o curso 2025/2026. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ESTUDANTES DO CONCELLO DE QUIROGA PARA O CURSO 2025/2026

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases regular un réxime de axudas a os/as estudantes que, residindo en Quiroga, cursarán os seus estudos universitarios, formación profesional, masters e educación especial fóra do termo municipal durante o curso 2025/2026.

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

- Adquisición de libros de texto.
- Matrícula de inscrición.
- Gastos de transporte.
- Gastos de vivenda.

Non se subvencionarán os seguintes gastos:

- Gastos de investimento, é dicir, materiais / bens inventariables, que son aqueles que teñen unha vida útil superior ao ano, que pode ser reembolsable e non consumido na súa totalidade dentro da actividade subvencionada, e tamén cando o seu valor unitario supere os 100,00 euros (IVE incluído) e cando se compren por paquetes e o seu custo supere os 300,00 euros (IVE incluído).
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Gastos bancarios.

SEGUNDA. DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS.

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado no concello de Quiroga e ser dependente economicamente. Consideraranse dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2025.
- b) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Este prazo poderá ser prorrogado por resolución da Xunta de Goberno Local.

As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes obrigatoriamente

- Na Sede Electrónica do Concello de Quiroga ou por correo electrónico concello.quiroga@eidolocal.es

CUARTA. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO.

As solicitudes, que irán dirixidas ao Alcalde do Concello de Quiroga, formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse a través da Sede Electrónica do Concello de Quiroga, e debe incluír polo menos a seguinte documentación:

- Fotocopia D.N.I. da persoa que solicita a concesión ou o representante legal, sobre os máis pequenos.
- Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fóra do Concello de Quiroga.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

- Documento que xustifique o pago de libros de texto e adquisición de material, en facturas a nome do solicitante ou do representante legal ou titor. Deberá indicarse se están pagadas.

- Documentación xustificativa de gastos de transporte. Facturas ó nome da persoa solicitante.
- Se é o caso, fotocopia do contrato de arrendamento ou documento que acredite os datos do domicilio no que imos residir durante o curso que deberá indicar os datos da vivenda, as datas do contrato, o importe para abonar, os datos do arrendador (nome e NIF) e do resto de arrendatarios, se os hai.
- Número de conta bancaria certificado. No caso dos menores de idade, é posible presentar o número de conta do representante legal ou titor.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da seguridade social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Autorización ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.

Documentación complementaria:

- Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% do solicitante, se procede.

No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.

SEXTA. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN:

A concesión practicarase previa baremación das solicitudes atendendo estritamente aos documentos xustificativos presentados e ata esgotar o crédito desta convocatoria.

Incoación do expediente. O procedemento iníciase previa solicitude do/a interesado/a e impúlsase de oficio en todos os seus trámites. A presentación da solicitude de subvención supón a plena aceptación destas bases.

Órgano competente para a instrución. O órgano competente para a instrución dos expedientes serán o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, a concelleira de Educación e o secretario municipal, que verificarán que a instancia presentada se atope correctamente cumprimentada e asinada, e acompañada da documentación que resulte preceptiva de acordo co disposto no apartado catro e cinco das presentes bases reguladoras.

Corrección de defectos na solicitude. Se a solicitude non reúne os requisitos que lle foran esixibles, especialmente se non vén acompañada dalgún dos documentos previstos nos apartados catro e cinco o órgano instrutor requirirá ao/ a interesada/o para que emende os defectos ou complete a solicitude no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles dende a notificación (art. 68.1 LPACAP), advertíndolle que, de non facelo así, terásele por desistida a súa solicitude.

Informes, avaliación de solicitudes e outras actuacións. Non habendo defectos emendables ou, de habelos, se tiveran corrixido en tempo e forma, continuarase coa instrución do expediente. O órgano instrutor realizará de oficio todas cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e aprobación dos datos que sirvan de base á resolución de acordo ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RD 887/2006 de 21 de xullo) e nas presentes bases reguladoras. En particular, poderá solicitar cantos informes foran necesarios para fundamentar a resolución ou foran esixibles pola normativa vixente, que en todo caso terán carácter facultativo e non vinculante e deberán ser remitidos nun prazo non superior a dez días, así como poderá avaliar as solicitudes conforme aos criterios contidos nas presentes bases reguladoras.

Proposta para resolución. A proposta de resolución deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectúala.

O expediente de concesión conterá un informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder, despréndese que o/a beneficiario/a cumpre con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Notificación da proposta. O órgano de instrución notificará a proposta de resolución aos/as interesados/as que foran excluídos como beneficiarios/as na fase de instrución, mediante notificación por correo electrónico, aos efectos de presentar alegacións ou emendar oportunas no prazo máximo de quince días, transcorridos os cales, o concello de Quiroga entenderá que o/a solicitante renuncia á axuda.

Resolución O órgano para a resolución definitiva do expediente será a Xunta de Goberno Local.

A resolución do procedemento notificarase aos/ás interesados/as de acordo co previsto no artigo 41 da LPACAP, a cuxos efectos bastará practicar a notificación no domicilio ou correo electrónico que a persoa interesada tivera sinalado ao efecto no momento de cursar a súa solicitude. En todo caso, a resolución será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Quiroga.

SÉTIMA. CONTÍA DAS BOLSAS

O concello de Quiroga aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base cuarta e quinta.

Os importes distribuiranse de forma proporcional ás solicitudes formuladas, tendo en conta o gasto realizado ou o previsible, tanto no que afecta aos gastos de matrícula, inscrición e material escolar, gastos de vivenda como aos gastos de transporte.

OITAVA. IMPORTE MÁXIMO E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe total para axudas reguladas nestas bases non poderá superar o importe consignado nas correspondentes aplicacións do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2025:

Aplicación Orzamentaria	Concepto	Importe
2025 .320 .480	Subvencións en materia educativa	8.000,00 €

Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso o importe da axuda concedida polo concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas nos cinco anos seguintes.

Levarase a cabo a tramitación anticipada de gasto, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

NOVENA. COMPATIBILIDADE

A percepción destas axudas será compatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN

A documentación xustificativa presentarse coa solicitude e con carácter previo ao pagamento.

1) Xustificantes esixidos para as axudas de ensino:

DOCUMENTACIÓN
- Facturas orixinais ou copias cotexadas que acrediten o gasto realizado en libros. - Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resguardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fora do Concello de Quiroga

2) Xustificantes esixidos para as axudas de transporte:

DOCUMENTACIÓN
Facturas de combustible ó nome do solicitante (non serán válidos resgardos de combustible nos que non figure o nome do solicitante)
Factura da empresa de transporte ó nome do solicitante (non serán válidos tickets de autobús)

3) Xustificantes esixidos para as axudas por aloxamento:

DOCUMENTACIÓN
Se é o caso, fotocopia do contrato de arrendamento ou documento que acredite os datos do domicilio no que imos residir durante o curso que deberá indicar os datos da vivenda, as datas do contrato, o importe para abonar, os datos do arrendador (nome e NIF) e do resto de arrendatarios, se os hai.

UNDÉCIMA. VERIFICACIÓN E REVOGACIÓN

Ao marxe do disposto no apartado anterior, unha vez concluído o proceso de adxudicación das axudas, o Concello de Quiroga poderá requirir aos/as beneficiarios/as a presentación dos documentos que considere oportunos para acreditar a efectiva realización da actividade para a que lle foi concedida a subvención.

A aceptación das presentes bases implicará tamén a autorización ao Concello de Quiroga para recadar de calquera organismo, entidade ou institución, e calquera que fora a súa natureza- pública, concertada ou privada- os datos necesarios para determinar a concesión ou denegación da axuda e, no caso de que lle fora concedida, para determinar se o seu importe foi integramente empregado para a finalidade para que lle foi concedida.

Igualmente, implicará a aceptación de ser notificados/as pola vía telemática, conforme ao disposto no artigo 27.2 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos.

O incumprimento das obrigacións contraídas polo/a beneficiario/a en virtude do disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento do Concello de Quiroga e, particularmente, o incumprimento no disposto no apartado 12 (Obrigacións dos/as beneficiarios/as) ou o falseamento ou ocultación dos datos que tiveran dado lugar á concesión da subvención, poderá dar lugar á revogación da resolución estimatoria da mesma e ao reintegro do importe total ou parcial da subvención inicialmente concedida, previa resolución ditada ao efecto polo órgano competente para a súa concesión, que deberá estar debidamente motivada e notificada ao/a interesado/a.

DUODÉCIMA. OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A

Os/as solicitantes da subvención estarán obrigados ao cumprimento das obrigacións que lle foran impostas en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento que o Concello de Quiroga tivera aprobado ao efecto. En particular, o seguinte:

12.1. Presentar os impresos, declaracións, documentos e xustificacións que se indican nas presentes bases reguladoras e, en particular, no seu apartado catro e cinco consignando fielmente os datos que lle foran solicitados.

12.2. Facilitar toda a información, declaracións, documentos e xustificantes que en cumprimento do disposto nas presentes bases reguladoras lle sexan esixidos polo Concello de Quiroga, e someterse ás actuacións de comprobación que con relación ás subvencións concedidas se practiquen por parte da Intervención do Concello.

12.3. Executar a actividade para que lle foi concedida a subvención.

12.4. No caso de revogación da axuda, o/a interesado/a deberá reintegrar o importe íntegro da mesma, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes bases, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 23 de outubro de 2025, entrarán en vigor ao día seguinte da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quiroga, 23 de outubro de 2025.- O alcalde, José Luís Rivera Castro.

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^a _____,
con NIF/pasaporte _____, alumno solicitante de 18 a 25 anos, ou pai, nai, titor/a do/a,
dos/das alumno/a,alumnos/as:

DECLARA:

- 1) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2) Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3) Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZA:

Ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2025/2026.

Quiroga, ____ de _____ de 20____

Asdo.- _____

R. 2956

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ANEXO DE INVESTIMENTOS E ORZAMENTO DE 2025. (EXP G 469/2025).

Aprobado inicialmente en sesión de Pleno deste Concello, de data 17 de setembro de 2025 a modificación do Anexo de Investimentos 2025, e publicados os anuncios de exposición ao público no BOP de Lugo .Nº 224 de data 29 DE SETEMBRO DE 2025e non habendo reclamacións de conformidade cos acordos adoptados as modificacións considéranse definitivamente aprobadas, nos seguintes termos:

modificación do Anexo de Investimentos 2025

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe	Financiación Concello	Financiación Deputación
459.600	Compra Terreos Obra Paseo da Medela	16.335,00 euros	10.422,05	5.912,95
459.619	Obra Paseo da Medela	169.213,450 (precio de licitación) Dirección de obra: 4.700,70 euros + 987,15 euros (IVE 21%)= 5.687,85 euros - Redacción Proxecto: 3.367,46 euros + 707,17 euros (IVE 21%)= 4.074,63 euros TOTAL: 178.975,93		178.975,93

Taboada, 22 de outubro de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2957

XOVE

Anuncio

Resolución de aprobación da lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos do proceso de selección e provisión da praza de encargado/a xeral de obras funcionario/a de carreira, actualmente vacante, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2023

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 23.10.2025 a relación DEFINITIVA de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso de selección e provisión da praza de encargado/a xeral de obras funcionario/a de carreira, actualmente vacante, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2023, procédese á súa publicación co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
DARIO MODESTO SAN ISIDRO FRANCO	****690**
JAVIER MENDEZ BALTAR	****138**
TOMAS RODRIGUEZ RAPA	****233**

Igualmente consta designado acomodándose ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP, e tendo todos eles voz e voto con exclusión do Secretario do órgano de selección, aos seguintes membros do órgano de selección:

MEMBROS	IDENTIDADE
PRESIDENCIA	Elena Santos Rey, Interventora do concello de Xove

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2025 (30/10/2025 08:00:00)

SUPLENCIA	Lucía Sánchez Meitín, Socióloga do concello de Xove
VOCALÍA	Fátima López Soto, Arquitecta Técnica do concello de Xove
SUPLENCIA	María Cristina Escourido Rapa, Educadora Social do concello de Xove
VOCALÍA	Vanessa Santos Guerreiro, administrativa do concello de Xove
SUPLENCIA	Manuel Peteira González, tesoureiro do concello de Xove
VOCALÍA	Pablo Dorado Lanza, Arquitecto técnico do concello de O Valadouro
SUPLENCIA	Lucía Fanego Candia, administrativa do concello de O Valadouro
SECRETARÍA	Víctor Voces López, Secretario do concello de Xove
SUPLENCIA	Pablo Sánchez Lage, administrativo do concello de Xove

Finalmente, convócase aos membros do Tribunal aos efectos da súa constitución (telemática) para as 09:30 horas do día 5 de novembro de 2025, así como, a baremación dos méritos aportados polos aspirantes.

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas no taboleiro electrónico do concello de Xove, aloxado na sede electrónica do mesmo, lugar onde se publicarán os futuros anuncios en relación co presente proceso selectivo.

Xove, 27 de outubro de 2025.- O alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2982

Anuncio

Resolución de aprobación da lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos do proceso de selección e provisión da praza de Técnico/a xurídico/a secretaría-intervención funcionario/a de carreira, actualmente vacante, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2023

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 23.10.2025 a relación DEFINITIVA de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso de selección e provisión da praza de Técnico/a xurídico/a secretaría-intervención funcionario/a de carreira, actualmente vacante, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2023, procédese á súa publicación co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
María Rosa Antuña Carballés	****506**
Sarai Vila Veiga	****452**
Jacobo Casal Villares	****943**
Sergio López Ramudo	****716**
Paula López García	****273**
Eva Díaz López	****497**

Igualmente consta designado acomodándose ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP, e tendo todos eles voz e voto con exclusión do Secretario do órgano de selección, aos seguintes membros do órgano de selección:

MEMBROS	IDENTIDADE
PRESIDENCIA	Elena Santos Rey, Interventora do concello de Xove

SUPLENCIA	Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica da Deputación de Lugo
VOCALÍA	Elisa Mogo Miranda, Técnica de Administración Xeral do concello de Burela
SUPLENCIA	Pablo Abuín Ratón, letrado asesor, especialista en consultivo contratación da Deputación de Lugo
VOCALÍA	Alfredo Sesa Peón, Secretario-Interventor do concello de O Vicedo.
SUPLENCIA	Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral – axente de emprego e desenvolvemento local da Deputación de Lugo
VOCALÍA	Lucía Sánchez Meitín, Socióloga do concello de Xove
SUPLENCIA	Emilio Justo Fernández Pita, xefe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación de Lugo
SECRETARÍA	Víctor Voces López, Secretario do concello de Xove
SUPLENCIA	José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo

Finalmente, convócase aos membros do Tribunal aos efectos da súa constitución (telemática) para as 12:00 horas do día 5 de novembro de 2025, así como, a baremación dos méritos aportados polos aspirantes.

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas no taboleiro electrónico do concello de Xove, aloxado na sede electrónica do mesmo, lugar onde se publicarán os futuros anuncios en relación co presente proceso selectivo.

Xove, 27 de outubro de 2025.- O alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2983

CONSORCIO LOCAL OS PEARES

Anuncio

D. MANUEL SEOANE RODRIGUEZ, PRESIDENTE DO CONSORCIO LOCAL OS PEARES (LUGO-OURENSE)

Visto el expediente administrativo tramitado para dar cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 2 y en la disposición adicional 6ª de la ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público, y convocar el proceso selectivo para la cobertura en propiedad de una plaza de auxiliar administrativo personal laboral fijo, a media jornada por el procedimiento de concurso-oposición, incluida en la oferta extraordinaria de empleo público del Consorcio Local Os Peares para el año 2022, para la estabilización de empleo temporal, aprobada por Resolución de la Presidencia de data 31/12/2022.

Visto el anuncio publicado en el boletín de la Provincia de Ourense nº 237 de fecha 10/12/2024, en el boletín de la provincia de Lugo nº 286, de fecha 12/12/2024, en el DOGA nº 7 de fecha 13 de enero de 2025 y en el boletín oficial del Estado nº 46 de fecha 22 de febrero de 2025, por la que se anuncia la convocatoria de la precitada plaza.

Visto que Dª Julia Vázquez Tourón presentó dentro del plazo de presentación de solicitudes, con fecha 20 de marzo de 2025 y registro de entrada nº 379 , la documentación prevista en las bases reguladoras que rigen la convocatoria .

En virtud de las atribuciones que me confiere la legislación vigente y, en concreto, los apartados g), h) y s) del artículo 21 de la ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de la bases de régimen local, en concordancia con los apartados h) y s) del artículo 61 de la ley 5/1997, de 22 de julio, de administración local de Galicia, **RESUELVO:**

Primero.- Contratar a la candidata propuesta por el tribunal calificador, que a continuación se indica, como auxiliar administrativo personal laboral fijo a media jornada:

– Dª Julia Vázquez Tourón , con DNI: *4***43*.*

Segundo.- Formalizar con la persona trabajadora propuesta por el tribunal calificador, anteriormente relacionada el pertinente contrato de trabajo, como personal laboral fijo a media jornada, para el próximo día 01 de noviembre de 2025.

Tercero.- Una vez formalizado el contrato de trabajo, comunicarlo a la oficina de empleo de Ourense, en el plazo de los diez días siguientes a su firma.

Cuarto.- Publicar la presente resolución de Presidencia en el tablón de anuncios del Consorcio Local Os Peares, y en boletín oficial de la Provincia de Lugo y de Ourense.

Os Peares, 23 de octubre de 2025.- El presidente, Manuel Seoane Rodríguez.

R. 2959
